



Acordo político entre a Marea Atlántica e o PSdeG-PSOE para o inicio do mandato na Coruña

O pasado 26 de maio, a cidadanía da Coruña votou claramente en favor dun goberno progresista no seu Concello. A Marea Atlántica e o PsdeG-PSOE acordamos sumar esforzos para construír unha maioría suficiente de carácter progresista co obxecto de sacar adiante as políticas transformadoras que demandan as veciñas e veciños da nosa cidade. E como primeira proba de confianza das capacidades mutuas de entendemento e colaboración, formulamos a execución inmediata das seguintes medidas:

1. ORZAMENTOS ANO 2019 E 2020. A Coruña necesita orzamentos para dispoñer este mesmo ano de toda a súa capacidade de investimento e favorecer a execución de tódolos compromisos adquiridos. Isto pode facilitarse coa aprobación do orzamento do ano en curso ou ben coas modificacións de crédito necesarias. Entre outras materias deberán terse en conta as seguintes:

- Polideportivo do Castrillón.
- Orzamentos participativos.
- Glorieta de San Diego.
- Mellora na mobilidade e impulso ao carril bici
- Reurbanizacións da Cidade Vella
- Obras previstas nos centros de ensino público.
- Campo de fútbol de Eirís.
- Renda Social Municipal.
- Axudas de Emerxencia Social
- Bosques da Coruña.

No mes de setembro comezarase a negociar os orzamentos do ano 2020 a través dunha Comisión Bilateral.



2 ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.

- Crearase unha comisión especial para calquera asunto de ámbito metropolitano e, en especial, tanto para deseñar unha lei da Área Metropolitana da Coruña como para a configuración dun Consorcio de Transportes Metropolitano. Iniciarase o trámite de impulso á área metropolitana no pleno municipal nos próximos tres meses a través do artigo 122. A Comisión formulará unha proposta de texto articulado para darlle continuidade ao acordo plenario.

3 BORDO LITORAL:

- Aprobación definitiva nos primeiros 3 meses de mandato da modificación puntual xa redactada para blindar a natureza pública dos terreos da Solana.
- Creación dunha comisión especial na que se traballaría na revisión dos convenios de 2004.

4 XUSTIZA SOCIAL:

- Impulsaremos a gratuidade do ensino de 0-3 anos coa modificación, antes de que remate o 2019, do regulamento das escolas infantís co obxecto de que entre en vigor no curso escolar 2020-2021. Tamén se dotará coa partida económica necesaria o cambio de modelo para facer viable a citada gratuidade, para o que deberá incluírse a mesma nos orzamentos do ano 2020.

5 OBRA PÚBLICA:

Compromiso de continuación na execución de obra pública comprometida e lista para ser executada. Entre outras:

- Impulsar a demolición do viaduto da rolda de Nelle.
- Completar o proxecto do centro deportivo do Castrillón.
- Completar os proxectos para as reformas dos mercados de Durmideiras, Santa Lucía e Monte Alto.



6 MOBILIDADE:

- Apostamos por introducir bonificacións para grupos de idade específicos (maiores de 65 e/ou menores de 26), sen custo engadido para o concello de cara á súa entrada en vigor no 2020.

7 MEDIO AMBIENTE:

- Iniciar os trámites no ano 2019 para a posta en marcha, a través de EMALCSA, dun operador enerxético 100% público.
- Comezar o proxecto Bosques da Coruña, e implantar o plan de acción correspondente á Estratexia de Infraestrutura Verde.
- Licitación do novo contrato para a concesión de Nostián, que deberá manter o modelo de contratación conxunta aprobado co Consorcio das Mariñas, favorecendo o mantemento do emprego e das condicións salariais e laborais, ao tempo que nos comprometemos cos obxectivos de mellora da reciclaxe establecidos nos pregos elaborados.

8 REXENERACIÓN URBANA:

- Comezo, no primeiro ano de mandato, dos trámites para a desafectación ou a procura de solucións urbanísticas alternativas, consensuadas coa veciñanza de Elviña afectada polo parque Ofimático.

9 IGUALDADE:

- Aprobación definitiva no ano 2019 da ordenanza de igualdade e consecuentemente o desenvolvemento inmediato dos órganos e políticas que nela se contemplan.

10 VIVENDA:

- Aprobación e posta en marcha dun programa de bolsa de vivenda en réxime de aluguer co obxecto de que entre en funcionamento en 2020.



11 EMPREGO:

- Presentación do selo Coruña Emprega.
- Posta en marcha do programa Coruña Suma.
- Crear unha comisión especial para a Cidade das TIC.

12 PARTICIPACIÓN:

- Facilitar a participación da veciñanza a través do programa de orzamentos participativos, incluíndo espazos que permitan unha boa comunicación entre a cidadanía e o poder político.
- Licitación da obra de adecuación e apertura inmediata das Naves do Metrosidero, mantendo as fórmulas de coxestión xa aprobadas.

13.- SEGUIMIENTO.

Para o seguimento e cumprimento deste acordo crearase unha comisión de seguimento formada por integrantes de cada organización que se reunirá a iniciativa de calquera das partes e en calquera momento.

A Coruña, 5 de xullo de 2019